



Paraíso
entre ríos

INFORMACIÓN MUNICIPAL



A importancia de reciclar

Hoxe en día xa todos somos conscientes da importancia que debemos dedicarlle ó medio ambiente e da obriga de cada un de nós para con el, buscando o equilibrio entre o avance dunha sociedade, cada vez con maiores necesidades e máis xeradora de residuos, e o tratamento que a estes residuos lles debemos dar.

Nun momento no que o volume de lixo medrou de maneira desorbitada converténdose nun grave problema, incrementado pola cultura de usar e tirar, é fundamental que adoptemos medidas de aforro lóxicas e imprescindibles para o noso benestar e para o futuro dos nosos descendentes.

No contexto actual, reciclar supón, polo tanto, un acto de concienciación, respecto e responsabilidade cara ó medio ambiente.

Reducir, Reutilizar e Reciclar son conceptos básicos que deben formar parte da nosa filosofía de vida e do noso comportamento diario. Estas tres erres ecolóxicas son básicas para o coidado do medio ambiente.

Reducir diminuíndo a cantidade de recursos que utilizamos, simplificando o consumo de produtos directos e cambiando os nosos hábitos; por exemplo, evitando o consumo innecesario de papel ou plástico.

Reutilizar a maioría dos materiais que usamos no día a día optimizando o seu uso; por exemplo, imprimindo o papel polas dúas caras.

Reciclar aproveitando así os materiais; por exemplo, materiais como o vidro poden reciclarse polo menos unhas 40 veces.

Trátase de inculcar hábitos de consumo responsable tirando menos lixo ós contedores e depositando en cada contedor o que corresponde.

A recompilación dalgúns materiais que usamos diariamente como plásticos, vidro ou papel, co simple feito de levalos ó contedor apropiado, estamos xerando riqueza, optimizando os recursos e coidando do medio ambiente.

Vivimos nun territorio Reserva da Biosfera, declarado así polos seus importantes valores naturais, un territorio do que sentirnos orgullosos e ó que temos que tratar con especial mimo e esmero; temos a obriga de coidalo.

Nas nosas mans está manter un comportamento responsable, orgullosos de coidar Paderne, orgullosos do noso "paraíso entre ríos".

O voso Alcalde

Cabalgata de Reis

O día 4 de xaneiro chegaron a Paderne as Súas Maxestades para repartir ilusión entre grandes e pequenos de todo o Concello.

Rematada a visita a tódalas parroquias achegáronse ó pavillón polideportivo municipal onde eran esperados polo Alcalde e o seu Equipo de Goberno; cos sons da Escola de Gaitas San Pantaleón, foron entrando e saúdando ós alí presentes. A entrega de regalos ós nenos e nenas participantes no concurso de debuxo e pintura foi outro dos grandes momentos do día que continuou cunha foto de recordo cos Reis Magos e un espectáculo de maxia e animación.

As Súas Maxestades, acompañados polos paxes reais, foron recibidos na Casa Consistorial



O Alcalde e o Concelleiro no acto de entrega de trofeos

VII Proba de Orientación Nocturna Casa de Sixto

O pasado 7 de xaneiro o Alcalde de Paderne acompañado polo Concelleiro de Obras Públicas e Urbanismo, achegouse ata a casa de turismo rural, Casa de Sixto en Velouzás, Paderne, para entregar os trofeos da sétima edición da proba denominada "VII Orientación Nocturna Casa de Sixto" na que participaron algo máis de 400 persoas.

Esta proba, organizada polo Clube Gallaecia Raid, estaba incluída no calendario 2017 da Federación Galega de Orientación e tivo lugar nun área cartográfica do Concello de Paderne incluíndo a competidores de tódalas idades.

Visita da Asociación de Desenvolvemento Rural Baixo Miño

A Asociación Mariñas-Betanzos, da cal o Alcalde de Paderne é o Vicepresidente, recibiu o pasado 24 de xaneiro á Asociación de Desenvolvemento Rural Baixo Miño que se achegaron a coñecer as liñas de traballo na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

O obxectivo desta visita era contemplar os aspectos técnicos do traballo que se está a realizar e achegalos a algunhas das infraestruturas como a visita ás Depuradoras con Filtros Verdes e ós Viveiros para o Emprendemento, entre os que se atopa a empresa Orballo no Concello de Paderne.

Visita da Conselleira de Medio Rural

O Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, recibiu á Conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, que se achegou a explicar os proxectos susceptibles de recibir axudas en base ós fondos Feder 2014-2020.

O Alcalde de Paderne, como Vicepresidente do GDR Mariñas-Betanzos, formou parte do grupo que acompañou en todo momento á Conselleira na súa visita.

Un dos momentos importantes foi o desprazamento a algunha das empresas que se beneficiaron dos fondos da anterior convocatoria; entre elas os viveiros A Angustia no que se reproducen variedades tradicionais da zona de Paderne



O grupo que acompañou á Conselleira na visita ós viveiros A Angustia

Subvencións Solicitadas á Xunta de Galicia

Mellora de Infraestructuras Municipais

Segundo a Orde do 30 de decembro de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o 2017, o Concello de Paderne solicita unha axuda de **49.842,68 €** para o proxecto de **"Mellora e rexeneración do alumeadado público en Gas e Porto"**.

O obxectivo deste proxecto e ir mellorando a rede de iluminación pública ata acadar unha plena rexeneración do alumeadado en consonancia coa filosofía de aforro enerxético e coidado do medio ambiente.

Fondo de Compensación Ambiental

Ó abeiro da convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, solicítase axuda para o proxecto de **"Mellora do alumeadado no lugar de Insua"**, por un importe de **45.697,24 €**.

Con este proxecto segue a buscarse a protección do medio ambiente en todo o termo municipal elaborando os proxectos respetuosos cun territorio Reserva de Biosfera.

Axencia de Turismo de Galicia

Segundo a Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, para o ano 2017, o Concello de Paderne solicita unha axuda de **17.627,72 €** para o proxecto de **"Sinalización de ruta de sendeirismo na parroquia de Souto"**.

A ruta a sinalizar iría desde a Aula da Ría, os Muíños, a Fraga, o Observatorio, a Igrexa e Chantada.

Transporte Metropolitano

O Alcalde está a realizar as xestións oportunas ante a Consellería de Infraestructuras e Vivenda para proporcionar ós veciños de Paderne o servizo dun transporte metropolitano que permita os seus desprazamentos ás distintas localidades, ó menor custe posible, axudando así a dinamizar a vida no noso Concello.

Subvencións Solicitadas á Deputación

Plan de Medio Ambiente

Co obxecto de realizar as actividades propias do coidado do medio ambiente e o entorno natural, o Concello de Paderne vai a proceder á contratación de **3 peóns** por un período de **3 meses**.

Este servizo permitirá o acondicionamento e limpeza das prazas públicas, o mantemento dos servizos municipais, o desbroce de camiños, limpeza de cunetas e coidado e reposición de prantas nas zonas de xardín.

Programa de Integración Laboral

A través do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, o Concello ven de solicitar 4 peóns para cubrir os servizos mínimos municipais como:

- Limpeza viaria
- Abastecemento domiciliario de auga potable
- Rede de sumidoiros
- Acceso ós núcleos de poboación
- Pavimentación das vías públicas

Todos eles servizos básicos moi importantes para cubrir as necesidades dos veciños que requiren dunha atención e coidados constantes para o seu mantemento.

Programa de Subvencións a Concellos e Entidades Locais para Contratar Persoal Técnico Deportivo Durante o Ano 2017

En base á convocatoria do "Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo durante o ano 2017", o Concello ven de solicitar unha axuda de **15.000 €** para a contratación dun **monitor deportivo** para desenvolver a programación deportiva municipal.

Programa de Subvencións a Concellos e Entidades Locais para Contratar Persoal Técnico para a Atención a Museos e Centros de Interpretación Durante o Ano 2017

En base á convocatoria do "**Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención a museos e centros de interpretación durante o ano 2017**", o Concello de Paderne ven de solicitar unha axuda de **20.000 €** para a contratación de persoal técnico para a Aula da Ría o que permitirá seguir poñendo en valor este espazo de divulgación do noso entorno natural.

Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “Pos + 2017”

Neste Plan, que pretende dar resposta á situación e necesidades concretas de cada concello reforzando a súa autonomía e responsabilidade, están incluídas as seguintes inversións:

- **Inversións en camiños:**

Por un total de **114.723,82 €**

Paderne – A Cruz

Aglomerado campo da festa Souto e accesos

Camiño As Palmeras – A Costa

- **1º Complementario POS 2017:**

Por un importe total de **42.841,67 €**

Camiño de Porto – Moire – As Palmeras

- **2º Complementario POS 2017**

Por un importe total de **42.158,32 €**

Camiño curva do Cais – Esperela

Camiños núcleo Paderne de Abaixo

Camiño Gunduriz – Casa de Sixto – Sas

Incluídos tamén neste Plan, está contemplada dotación económica para poñer en funcionamento os servizos de:

- **Podoloxía.-** Servizo ofrecido de xeito gratuíto a tódolos socios do Centro de Maiores desde o ano 2008
- **Balneoterapia.-** Mediante este programa os maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello, poden acudir a un balneario a recibir tratamentos termais para as súas doenzas
- **Conciliación.-** Creado para axudar ás familias, con menores de entre 3 e 12 anos nas que os proxenitores traballen, a conciliar a vida laboral e a vida familiar
- **Actividades culturais e deportivas.-** Co fin de seguir proporcionando ás persoas do Concello todo tipo de actividades que veñan a cubrir as súas necesidades

Dotación económica para:

- **Desbroce de camiños** en todo o termo municipal mantendo en bo estado o entorno e facilitando así o tránsito polas distintas pistas e camiños municipais
- **Limpeza de prazas** das distintas parroquias a fin de que os veciños poidan disfrutar delas nas mellores condicións

Entroido en Paderne

O vindeiro día **1 de marzo** celebramos o remate da festividade do Entroido convocando a tódalas persoas a partires das **20:30 horas en O Telleiro**.

Unha gran carpa estará preparada para dar cabida a todos aqueles que desexen participar desta festa de queima do entroido que comezará coa actuación da **Escola de Gaitas San Pantaleón**.

Premios para os tres mellores nas modalidades de grupos e individual, ademais do premio especial ó mellor disfraz infantil, son pequenos incentivos para aquelas persoas que colaboran coa súa imaxinación a facer deste día un recordo divertido que compartir.

Haberá comida, bebida, fogos artificiais e música para pasar unha boa noite xuntos.



Día da Muller

O día **8 de marzo** conmemoramos o "Día da Muller Traballadora" cun acto ás 20:00 h na Casa Consistorial.

Queremos recordar e solidarizarnos ca loita que, non fai moito tempo, tiveron que realizar algunhas mulleres en pro da igualdade de oportunidades, pola igualdade de trato e reivindicando os seus dereitos como persoa.

Invitámosvos a unirvos a este acto en recordo da valentía que no seu día demostraron todas elas.

Aniversario do Centro de Maiores

Vamos a realizalo o día **9 de marzo** para tódolos socios do Centro de Maiores.

Como en anos anteriores, a xornada dará comezo ás **11:00 h** coa recollida dos asistentes polas distintas parroquias.

Na xornada de mañá realizaremos unha visita panorámica á cidade da Coruña; nesta visita, na que levaremos unha guía do Concello con experiencia, descubriremos aspectos inéditos da cidade, curiosidades, historia, patrimonio e algúns outros datos que de seguro contribuirán a acrecentar máis aínda a nosa admiración por ela.

A comida realizarémola nun restaurante cercano rematando co tradicional sorteo de regalos e o baile.

O custe é de **25 €** e os socios que desexen asistir poden inscribirse ata o día **3 de marzo** chamando ás oficinas municipais.